

IES VAL DO TEA:

PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO

1.- XUSTIFICACIÓN

O Plan de Continxencia do centro educativo IES Val do Tea ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa e/ou centro.

Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia do COVID-19, os centros adaptarán, e de ser o caso elaborarán, o seu Plan de Continxencia tendo en conta o *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19* nos centros de ensino non universitario de Galicia vixente, en relación coas medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria. Os referentes para a adaptación do Plan de Continxencia serán os seguintes:

-O modelo de documento *Plan de continxencia do centro educativo* que figura no *Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19*.

-O anexo I da *Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021*.

A.- Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2021 mencionada anteriormente:

-Con carácter xeral, o horario para os supostos de ensino a distancia será o mesmo que o elaborado para desenvolver en réxime de presencialidade ou

semipresencialidade; non obstante tendo en conta o esforzo que vai supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos, poderá reducirse a duración de cada sesión lectiva ata un máximo do 40%.

-O profesorado e o alumnado de cada área, ámbito, materia ou módulo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos á hora que se estableza no cadro horario diario do Plan de Continxencia.

-O proceso de ensino-aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada (Tal e como se recolla nas programacións didácticas).

-O alumnado vulnerable, ou que conviva con familiares vulnerables, que non acode ao centro docente como consecuencia da COVID-19, e se determine como xustificada a súa ausencia, recibirá atención virtual segundo se establecerá na orde que desenvolve o Decreto 2229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade.

-O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro co alumnado o uso dos medios para a comunicación telemática, así coma a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.

-O/a titor/a de cada grupo de alumnado informará aos pais/ nais/ titores legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así coma da aula virtual.

B.- Segundo o Anexo VI do Plan de Adaptación ao contexto da COVID-19, estas serán as actuacións previas ante a aparición dun gromo:

-Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así coma aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

-Se unha persoa desenvolve síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, seguirase o protocolo de actuación do centro (Plan de Adaptación ao Contexto COVID-19).

-No caso de presentar síntomas, chamarse ao centro de saúde de Atención Primaria. De ser un caso de gravidade, chamarse ao 061. O/a traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido/a por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde.

-No suposto de aparición dun caso no centro educativo, a persoa coordinadora do Equipo COVID do centro, incluírá na aplicación informática a información prevista do/da eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos/das compañeiros/as e do profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

-Tras a aparición dun caso diagnosticado de COVID-19, seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade no que atinxe ao posible illamento dunha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o normal funcionamento do resto.

-A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se comunicará ao Equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria, quen, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro na súa totalidade.

-A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

-A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no Protocolo de Adaptación ao contexto COVID-19, e na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con

fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

2.- DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTINXENCIA

2.1.- ACTUACIÓNS BÁSICAS

A.- Elaboración dunha base de datos da situación e circunstancias telemáticas de cada alumno/a. Isto farase a través de dous instrumentos:

a) Enquisa a través da titoría.

b) Que cada profesor/a teña no mes de outubro polo menos unha comunicación telemática con candanseu/cadansúa alumno/a.

B.- Instrumentos propios do centro para combater a fenda telemática (sempre para familias desfavorecidas economicamente, e entregados nos domicilios con parte de saía e recepción, e compromiso dos/das titores/as legais de devolver todos os equipos nas condicións en que foron entregados. No caso do alumnado da ESA na que sexan maiores de idade, asinarán eles mesmos dito compromiso):

a) Cesión racional de ultraportátiles. O centro dispón neste momento de 100 equipos con fonte de alimentación do banco de equipos ABALAR. Dende este curso 2021-2022, todo o alumnado da ESO disporá dun portátil dado que o centro pasa a ser centro E-Dixgal dende 1º ESO a 4º ESO. Onde si poderíamos ter que facer prestamos de portátiles, de ser o caso, sería en Bacharelato e na ESA, ou no resto de cursos se fose preciso por falta de funcionamento dos portátiles dos que xa dispón o alumnado.

b) Cesión de router. O centro dispón neste momento de tres unidades.

c) Cesión, nos casos de maior necesidades, de tarxetas de datos.

C.- Campaña permanente a prol da conexión das familias á ABALARMOBIL.

D.- Formación durante o mes de outubro do alumnado nos seguintes puntos:

- a) Ter conta de correo e contrasinal. O/A titor/a recolle unha base de datos coas contas de correo.
- b) Estar matriculados/as en todos os cursos das materias da aula virtual.
- c) Saber procesar un documento editable.
- d) Saber xerar un Pdf.
- e) Saber manter unha comunicación a través do correo electrónico, mesmo xuntar un documento.
- f) Saber participar dunha videoconferencia programada, principalmente o alumnado de 4º ESO, Bacharelato e ESA.
- g) A fin de iniciar ao alumnado na actividade telemática, e de que esta sexa un complemento útil da actividade presencial, incorporar polo menos unha actividade telemática mensual como mínimo por materia aínda habendo educación presencial.

E.- Disposicións básicas do profesorado:

- a) Manexo con soltura de todos os procesos do apartado D do punto anterior.
- b) Posuír unha conta de correo gmail e publicada na aula virtual do centro con fins exclusivamente docentes.
- c) Estar en boa disposición de comunicación/formación por medios telemáticos cos/cas seus/súas alumnos/as e/ou titorandos/as.
- d) Suxeitarse con rigor ao calendario e aos prazos indicados por Xefatura de Estudos (no caso de supresión total da actividade lectiva).
- e) Desde Vicedirección, coordinación das titorías, mesmo cunha folla de seguimento semanal.
- f) Completar as follas de seguimento da actividade semanal do alumnado.
- g) Manter unha CCP semanal para coordinar a actividade docente (no caso de supresión total da actividade lectiva).
- h) Consultar diariamente o correo corporativo e a páxina web do centro.

F. Alumnado ACNEAE

O traballo deste alumnado faríase dende o Departamento de Orientación e, en maior medida dende Pedagogía Terapéutica. A acción tutorial tamén será de importancia.

O curso 2021-2022 debe planificarse rigorosamente de xeito que permita, ademais de establecer as medidas necesarias para previr e controlar a pandemia, cumprir os obxectivos educativos e de sociabilidade, que favorezan o desenvolvemento óptimo da adolescencia, paliar a fenda educativa, garantir a equidade e darlle ao alumnado a mellor atención posible.

A atención ao alumnado NEAE require unha metodoloxía que priorize a autonomía persoal e a adquisición dunha competencia dixital que o axude a desenvolverse correctamente para poder levar a cabo unha docencia telemática, de ser o caso. Por todo isto, o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), ben sexa coa súa intervención dentro da aula de referencia coma na aula de PT, fomentará a hixiene persoal do alumnado e a aprendizaxe en termos de desinfección, así como o fomento do respecto entre iguais en canto ás medidas de seguridade se refire (uso da máscara, distancia social...). Estes son os puntos que rexerán as accións a levar a cabo dende Pedagogía Terapéutica:

- a) En coordinación co/ca titor/a, a comunicación coas familias será prioritaria e a base para poder levar a cabo o traballo.
- b) Dadas as características deste alumnado, farase fincapé na adquisición da autonomía no manexo dos equipos informáticos, polo que se adicará tempo a tal fin durante a educación presencial.
- c) Semi-presencialidade: parte do tempo de asistencia ao centro adicaráse a explicar o traballo que deberán realizar online (aula virtual).
- d) Ensino online: haberá un contacto diario co alumnado a través de videoconferencias (Webex). A plataforma Abalar será a canle prioritaria de comunicación coas familias, polo que se intentará que todo o alumnado estea dado de alta na mesma dende o mobil familiar, e a aula virtual dará soporte ao traballo na aula, coa inclusión de actividades interactivas que permitan a profundización do traballo presencial.
- e) As actividades a levar a cabo co alumnado terían, na medida do posible, un enfoque lúdico, sempre tendo en conta o nivel de competencia

curricular do alumnado, acordado sempre en coordinación co profesorado de cada unha das materias.

2.2.- ACTUACIÓNS E REINICIO NOS DIFERENTES ESCENARIOS

SITUACIÓN	ACTUACIÓNS A MAIORES DAS ACTUACIÓNS BÁSICAS	PROCESO PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE ACADÉMICA
<p>1.SUSPENSIÓN TOTAL DA ACTIVIDADE ACADÉMICA PRESENCIAL</p>	<p>A) Elaboración dun calendario de actividades por materia e semana para evitar a saturación.</p> <p>B) Selección e limitación de actividades que requiran un uso excesivo de datos (internet): vídeos, etc...</p> <p>C) Apertura dun foro de dúbidas dentro da aula virtual.</p> <p>D) Comunicación semanal desde titoría.</p> <p>E) Aplicación da metodoloxía e criterios de avaliación establecidos nas programacións para este caso.</p>	<p>Fase 1: unha semana</p> <p>OBXECTIVO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación dos espazos <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desinfección dos espazos • Revisión da sinalética • Revisión do plan de circulación. <p>Fase 2: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do alumnado de 4º ESO e de 2º BACH, e Módulo 1 ou 2 (segundo o cuatrimestre) da ESA <p>Fase 3: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p>

		<ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do alumnado de 1º ESO e de 2º ESO, e Módulo 3 ou 4 (segundo o cuatrimestre) da ESA <p>Fase 4: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do alumnado de 3º ESO e de 1º BACH.
--	--	---

<p>2. CENTRO CONFINADO</p>	<p>A) Elaboración dun calendario de actividades por materia e semana para evitar a saturación.</p> <p>B) Selección e limitación de actividades que requiran un uso excesivo de datos (internet): vídeos, etc...</p> <p>C) Apertura dun foro de dúbidas dentro da aula virtual.</p> <p>D) Comunicación semanal desde titoría.</p> <p>E) Aplicación da metodoloxía e criterios de avaliación establecidos nas</p>	<p>Fase 1: unha semana</p> <p>OBXECTIVO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación dos espazos <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desinfección dos espazos • Revisión da sinalética • Revisión do plan de circulación. <p>Fase 2: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do alumnado de 4º ESO e de 2º BACH e Módulo 1 ou 2 (segundo o cuatrimestre) da ESA
-----------------------------------	---	--

	<p>programacións para este caso.</p>	<p>Fase 3: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do alumnado de 1º ESO e de 2º ESO e Módulo 3 ou 4 (segundo o cuatrimestre) da ESA <p>Fase 4: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do alumnado de 3º ESO e de 1º BACH.
--	--------------------------------------	---

<p>3. AULA CONFINADA</p>	<p>A) Elaboración dun calendario de actividades por materia e semana para evitar a saturación.</p> <p>B) Selección e limitación de actividades que requiran un uso excesivo de datos.</p>	<p>Fase 1: unha semana</p> <p>OBXECTIVO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación dos espazos <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desinfección da aula • Revisión da sinalética • Revisión do plan de circulación.
---------------------------------	---	--

	<p>(internet): vídeos, etc...</p> <p>C) Apertura dun foro de dúbidas dentro da aula virtual.</p> <p>D) Comunicación semanal desde titoría.</p> <p>E) Aplicación da metodoloxía e criterios de avaliación establecidos nas programacións para este caso.</p>	<p>Fase 2: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación de ata o 30% do alumnado segundo orde de lista. <p>Fase 3: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación de ata o 75% do alumnado segundo orde de lista. <p>Fase 4: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do 100% do alumnado.
--	---	---

4.ALUMNADO CONFINADO	<p>A) Trabajo fundamentalmente a través</p>	<p>Fase 1: unha semana</p> <p>OBXECTIVO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación dos espazos
-----------------------------	---	---

	<p>do correo electrónico e da aula virtual.</p> <p>B) Selección e limitación de actividades que requiran un uso excesivo de datos (internet): vídeos, etc...</p> <p>C) Supervisión desde titoría con comunicación co alumnado os luns, mércores e venres.</p> <p>D) Aplicación da metodoloxía e criterios de avaliación establecidos nas programacións para este caso.</p>	<p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desinfección da aula • Revisión da sinalética • Revisión do plan de circulación <p>Fase 2: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación de ata o 50% do alumnado segundo orde de lista. <p>Fase 3: unha semana</p> <p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación e concienciación do alumnado • Garantir unha volta segura <p>ACTUACIÓNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incorporación do 100% do alumnado.
--	--	--

3.- REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONTINXENCIA

Trátase dun documento vivo, mellorable a partir das suxestións e acordos que se puideran tomar nas reunións de CCP mensuais.